



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Proposta AEAT Concursos Mobilidade Xeográfica

Nestes días a AEAT facilitounos, vía fax e sen reunión previa, unha **nova proposta para os procedimentos de mobilidade xeográfica** (concursos), que achegamos con esta nota informativa

Nun primeiro estudo ao documento vemos que ,se ben recolle algunha das nosas antigas reivindicacións (como a posibilidade de adxudicar as resultas), aínda está moi lonxe do que se pode considerar un sistema xusto para os concursos.

Con esa proposta a Administración entregounos tamén unha nota informativa sobre a posta en marcha dun **cuestionario voluntario**, a través da Intranet para coñecer as expectativas de mobilidade dos funcionarios desta casa. En principio este cuestionario vai dirixido só aos funcionarios do Corpo Técnico de Facenda (xa que en setembro está previsto a convocatoria do seu concurso) e estará disponible na Intranet ata o 3 de setembro. Sabemos que as datas nas que estamos non son as máis adecuadas para facer este tipo de enquisas (e así o fixemos chegar aos responsables de RRHH) pero valoramos positivamente que a AEAT queira coñecer a opinión dos seus funcionarios. Esperamos tamén que nunha próxima reunión se facilite toda a información sobre a nova proposta de mobilidade así como que se extendan os cuestionarios, unha vez comprobada a súa efectividade, a todos os funcionarios da AEAT. Desde a CIG seguimos a recoller todas as vosas opinións, suxestións, etc. en relación a este tema, polo que non dubides en facernos chegar as túas propostas para conseguir mellorar o sistema de mobilidade dentro da AEAT.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM